



Memoria xustificativa do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Leiro para o acondicionamento da marxe dereita do río Avia en Leiro (Ourense)

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas

2 Na Comarca do Ribeiro atópase o Concello de Leiro polo que discorre o río Avia, afluente do río Miño. Sobre dito cauce, próximo a área recreativa de As poldras e a súa Praia fluvial, existe una pasarela peonil de madeira na ribeira dereita do río Avia, que actualmente está pechada ao paso debido ao deterioro sufrido polo transcurso do tempo. O Concello de Leiro pretende substituír a pasarela peonil por una senda fluvial que, discorrendo sobre a marxe do río, siga dando continuidade ao paseo fluvial, ao tempo que interconectando de xeito máis directo o paseo coa trama urbana do núcleo cos fitos arquitectónicos nela incluídos.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Leiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31.12.2016.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Leiro para o acondicionamento da marxe dereita do río Avia en Leiro (Ourense), co financiamento do Proxecto “Senda Fluvial Marxe Dereita Río Avia en Leiro (Ourense)”.

5 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG nº 222, do 18 de novembro de 2010) atribúe no seu artigo 26 á Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma as competencias para a regulación e o outorgamento de auxilios económicos ás corporacións locais nas materias da súa competencia.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en





asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela
O director de Augas de Galicia

Roberto Rodríguez Martínez
(*asinado dixitalmente*)

